



| Guía Docente          |   |                    |                      |           |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|-----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                      | 2017/18   |
| Asignatura (*)        | Enfermaría Xerontolóxica  |                    | Código               | 750G01020 |
| Titulación            |   |                    |                      |           |
| Descriptores          |   |                    |                      |           |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                 | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria          | 6         |
| Idioma                | Castelán/Galego   |                    |                      |           |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                      |           |
| Prerrequisitos        |   |                    |                      |           |
| Departamento          | Ciencias da Saúde   |                    |                      |           |
| Coordinación          | Garcia Martinez, Carmen Maria   | Correo electrónico | maria.garciam@udc.es |           |
| Profesorado           | Garcia Martinez, Carmen Maria   | Correo electrónico | maria.garciam@udc.es |           |
| Web                   | moodle.udc.es   |                    |                      |           |
| Descripción xeral     | A Materia de Enfermaría Xerontolóxica ten como meta que o estudiante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social do anciano, o que o capacitará para dar cuidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermedad, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional. |                    |                      |           |

| Competencias do título |                        |  |
|------------------------|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título |  |

| Resultados da aprendizaxe  |  |                          |  |
|--|--|--------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe  |  |                          | Competencias do título                                 |
| Coñocer e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a sua evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social.  |  | A49<br>B2<br>B8          | C4<br>C12  |
| Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para o anciano eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral do paciente anciano utilizando referentes teóricos e evidencias científicas                    |  | A49<br>A50<br>A51<br>A52 | B2<br>B3<br>B8<br>B9<br>B13<br>C4<br>C11               |
| Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios coa satisfacción das necesidades básicas.  |  | A49<br>A50<br>A51<br>A52 | B1<br>B2<br>B3<br>B8<br>B9<br>B13<br>C4<br>C10         |
| Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando cuidados de enfermaría a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC) |  | A49<br>A50<br>A51<br>A52 | B1<br>B2<br>B3<br>B8<br>B9<br>B13<br>C4<br>C11         |
| Analizar e describir os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores  |  | A49<br>A52               | B1<br>B2<br>B3<br>B9<br>B13<br>C4<br>C10<br>C11<br>C12 |



|  |                          |                                   |                  |
|--|--------------------------|-----------------------------------|------------------|
| Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores | A49<br>A50<br>A51<br>A52 | B1<br>B2<br>B3<br>B8<br>B9<br>B13 | C4<br>C10<br>C12 |
|--|--------------------------|-----------------------------------|------------------|

| Contidos   |  |  |
|--|--|--|
| Temas  | Subtemas   |  |
| Unidade Didactical: Conceptos e Xeneralidades relacionados coa vellez  | Tema 1. Conceptos Xerais<br>Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías<br>Tema 3. Demografía da ancianidade   |  |
| Unidade Didactica II: Aspectos sociais, antropolóxicos e económicos do envellecemento  | Tema 4. Socioloxía da ancianidade<br>Tema 5. Aspectos Económicos da vellez<br>Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores   |  |
| Unidade Didactica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envellecemento.                 | Tema 7. Concepto de anciano san e anciano fráxil<br>Tema 8. Valoración de enfermería a persoa maior<br>Tema 9. Necesidade de osixenación<br>Tema 10. Necesidade de alimentación<br>Tema 11. Necesidade de eliminación<br>Tema 12. Necesidade de movemento<br>Tema 13. Necesidade de descanso e soño<br>Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal<br>Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual. |  |
| Unidade Didactica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades no ancián. Procesos patolóxicos mais frecuentes | Tema 16. Características das enfermidades do ancián<br>Tema 17. Terapéutica no ancián<br>Tema 18. ACV<br>Tema 19. Parkinsón<br>Tema 20. As Demencias   |  |
| Unidade didactica V: A atención sociosanitaria en España   | Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia  |  |

| Planificación                 |  |                   |   |              |
|-------------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias   | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral              | A49 A50 A51 A52<br>A52 B1 C4                         | 26                | 26  | 52           |
| Estudo de casos               | A50 A51 A52 A49 B2<br>B3 B8 B13 B1 B9 C11<br>C12 C10 | 14                | 21  | 35           |
| Traballos tutelados           | A50 A51 A52 A49 B1<br>B3 B8 B13 C4 C10<br>C11 C12    | 2                 | 20  | 22           |
| Proba mixta                   | A49 A50 A51 A52 B8<br>B9 B13 B2 B3 C10               | 2                 | 28  | 30           |
| Análise de fontes documentais | A49 A50 A51 A52 B1<br>B3 B8 B9 C4                    | 2                 | 5   | 7            |
| Actividades iniciais          | C4   | 2                 | 0   | 2            |
| Atención personalizada        |  | 2                 | 0   | 2            |



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descripción  |
| Sesión maxistral              | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>  |
| Estudo de casos               | <p>Metodoloxía onde o suxeito se confronta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>  |
| Traballos tutelados           | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>  |
| Proba mixta                   | <p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En tanto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en tanto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>  |
| Análise de fontes documentais | <p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introducción xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p> |
| Actividades iniciais          | <p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.</p>  |

| Atención personalizada |   |
|------------------------|---|
| Metodoloxías           | Descripción   |
| Proba mixta            | A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudiantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.          |
| Traballos tutelados    | A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico. |



| Metodoloxías        | Competencias   | Descripción  | Cualificación |
|---------------------|--|--|---------------|
| Proba mixta         | A49 A50 A51 A52 B8<br>B9 B13 B2 B3 C10               | Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias.<br>Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Esta proba suporá o 70% da cualificación final.   | 70            |
| Traballos tutelados | A50 A51 A52 A49 B1<br>B3 B8 B13 C4 C10<br>C11 C12    | A realización dos traballos tutelados será obligatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. Para a avaliação dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar.  | 20            |
| Estudo de casos     | A50 A51 A52 A49 B2<br>B3 B8 B13 B1 B9 C11<br>C12 C10 | A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de trabalho, onde se avaliará a adquisición de competencias, suporá o 10% da cualificación final. A avaliação farase tendo en conta, fundamentalmente, os seguintes aspectos: valoración, diagnósticos e planificación de resultados e intervencións de enfermaría.<br>A asistencia a os grupos de trabajo será obligatoria. | 10            |

#### Observacións avaliación

Os criterios de avaliação da segunda oportunidade (xullo) serán os mesmos cos da primeira oportunidade (febreiro). As probas superadas na primeira oportunidade (febreiro) conservaranse só para a segunda oportunidade (xullo). Os estudiantes con matrícula a tempo parcial e os que soliciten adianto de oportunidade, acolleranse á modalidade de exame de proba mixta que constará de preguntas cortas e estudos de casos, e suporá o 100% da nota. Os estudiantes que opten a matrícula de honra deberán ter unha cualificación superior a 9 na proba mixta e ter superadas o resto de metodoloxías coa nota máxima. Os estudiantes que non presenten os estudos de casos e/ou traballo tutelado, obteran un no presentado, aínda que realicen a proba mixta.

#### Fontes de información

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| Bibliografía básica         | - Nursing. Edición española () .<br>- Luis Rodrigo MT. (2008). Los Diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Masson;<br>- Millán Calenti J C ( 2006). Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: McGraw- Hill. Interamericana<br>- García López MV, Rodríguez Ponce C, Toronjo Gómez AM (2008). Enfermería del anciano.2ª ed. Madrid: DAE<br>- Enfermería Clínica () .<br>- Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson;<br>- García M, Torres P, Ballesteros E (2006 reim). Enfermería Geriátrica. 2ª ed. Barcelona: Masson<br>- Gerokomos () .<br>- Pérez Melero A (2008.reim). Guía de cuidados de personas mayores. Madrid: Síntesis<br>- Quintanilla Martínez M (2001). Enfermería Geriátrica. Cuidados integrales en el anciano. Vol 1. Barcelona: Monsa Ediciones<br>- Quintanilla Martínez M. (2001). Enfermería Geriátrica. Cuidados integrales en el anciano. Vol 2. Barcelona: Monsa Ediciones<br>- Cobo Domingo JC (2008). Geriatría y Gerontología. Atención Integral al anciano. Logoss<br>- Heather Herdman T; Kamitsuru S. (2015). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2015-2017. Barcelona: Elsevier España S. L<br>- Revista Española de Geriatría y Gerontología () .<br>- Salgado Alba A, Guillén LLera F, Ruipérez Cantera I (2002). Manual de Geriatría. 3ª ed.. Barcelona: Masson<br>- García Hernández M, Medina Aragón F J, Gallo Estrada J. (2011). Atención enfermera en los grandes síndromes geriátricos. Madrid: Fuden<br>- Millán Calenti (2011). Gerontología y Geriatría. Valoración e intervención. Madrid:Médica Panamericana |
| Bibliografía complementaria |   |



## Recomendacións

## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001  
Psicoloxía/750G01003  
Fundamentos da Enfermaría/750G01007  
Nutrición/750G01009  
Farmacoloxía/750G01011  
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016  
Estancias Clínicas I/750G01025  
Estancias Clínicas II/750G01026  
Enfermaría Clínica I/750G01034  
Enfermaría Clínica II/750G01035  
Fisioloxía/750G01105

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017  
Enfermaría Comunitaria II/750G01019  
Estadías Clínicas III/750G01027

## Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías